

NORMATIVA DE RECOÑECIMENTO NO POD DO CURSO 2011/12 DE ACTIVIDADES DE DOCENCIA, INVESTIGACIÓN E XESTIÓN

No curso 2011/12, a Universidade de Vigo vai continuar avanzando no proceso de adaptación das súas titulacións ao EEES. Como no curso anterior, a contabilización do esforzo do profesorado será medido en horas lectivas anuais, reservando o concepto “crédito” para o ECTS, que é aplicable ás horas totais do alumnado pero non directamente ao profesorado. Así pois, a capacidade docente contabilízase en 240 horas lectivas por curso académico para o profesorado a tempo completo, tanto para os estudos de grao como para as titulacións LRU.

Ademáis, é necesario concretar, cuantificar e recoñecer unha serie de actividades docentes, de investigación e de xestión desenvolvidas polo profesorado que deben ser computadas en POD e que implican unha redución no cálculo da súa capacidade docente e, polo tanto, das horas que os Departamentos deben asignarlle.

Unha parte importante desas actividades será tida en conta no deseño do modelo básico de contrato-programa cos Centros que será elaborado nos próximos meses e sometido á aprobación do Consello de Goberno a finais do ano 2011 co fin de que poda ser implantado no curso 2012/13. Os contratos-programa deberán ter en conta o grao de consecución de obxectivos e o cumprimento dos indicadores de calidade previamente establecidos. Destes resultados dependerán os recursos económicos, o encargo docente, a concesión de novas prazas e a asignación de recursos humanos, medios e procedementos para a xestión.

En paralelo ao proceso anterior e ante o inmediato inicio do proceso de elaboración do POD para o curso 2011/12, é necesario revisar e adecuar para o vindeiro curso a actual normativa de desgravacións docentes.

O Consello de Goberno de 14 de febreiro de 2011 acorda establecer a presente normativa de recoñecemento en POD do curso 2011/12 de actividades de docencia, investigación e xestión.

Contemplanse deducións en POD no seguintes apartados:

1. Deducións asignadas como apoio á actividade docente dos centros.
2. Deducións asignadas como apoio ás ensinanzas de posgrao.
3. Deducións asignadas como apoio ás actividades de I+D+i.
4. Deducións asignadas por cargos académicos ou actividades de xestión.

A suma das deducións correspondentes aos apartados 1 e 2 desta normativa terán un máximo por persoa equivalente á metade da súa capacidade docente. Como regra xeral, a docencia con repercusión en POD non poderá ser inferior a 30 horas anuais.

1. DEDUCIÓNS ASIGNADAS COMO APOIO Á ACTIVIDADE DOCENTE DOS CENTROS:

a) Apoio directo á actividades de coordinación e organización docentes:

- 15 horas por cada máster adscrito ao Centro
- 60 horas por cada titulación de grao adscrita ao Centro
- 5 horas por cada módulo completo de 20 estudantes de grao de nova matrícula no curso 2010/11 e por cada curso de grao que se imparta no Centro no curso 2011/12

b) Apoio á dirección ou tutela de Traballos Fin de Grao e Practicum:

Asígnase ao Centro unha bolsa de deducións que deberá ser asignada ao seu profesorado involucrado en tarefas de dirección ou tutela dos Traballos Fin de Grao e Practicum do curso 2010/11. Tómase como referencia que un Traballo Fin de Grao de 6 ECTS de cada estudante implique unha redución de 3 horas en POD. A bolsa será proporcional ao número de estudantes matriculados/as e de ECTS de que conste o traballo ou practicum.

c) Apoio ás actividades de intercambio de estudantes:

Asígnase unha dedución docente de 5 horas por cada módulo de 8 estudantes acollidos/as aos programas de intercambio SICUE, Erasmus, ISEP e outros programas recoñecidos pola ORI. O número considerado será a suma dos estudantes propios/as e alleos/as acollidos/as aos programas no curso 2009/10. O recoñecemento da redución aplicada a cada Centro será certificado pola Vicerreitoría competente en cada caso.

d) Apoio aos programas de prácticas preprofesionais:

Asígnase unha dedución docente de 5 horas por cada módulo de 8 estudantes que realizaran prácticas preprofesionais no curso 2009/10. O recoñecemento da redución será feito pola Vicerreitoría competente.

e) Dirección de Proxectos Fin de Carreira:

Asígnase directamente ao profesorado involucrado 10 horas de exención en POD aplicado ao promedio de proxectos fin de carreira dirixidos e defendidos na Universidade de Vigo nos cursos 2008/08 e 2009/10, tendo en conta o número de directores/as, ata un máximo de 60 horas por profesor/a.

f) Dirección de teses de licenciatura:

Asígnase aos seus directores/as 10 horas/ano por tese de licenciatura dirixida e defendida na Universidade de Vigo no curso 2009/10, tendo en conta o número de directores/as, ata un máximo de 30 horas.

O equipo directivo do Centro propondrá a distribución das bolsas de horas resultantes da aplicación das deducións docentes (a), (b), (c) e (d) entre o profesorado do Centro, de acordo cuns criterios que deben ser aprobados na Xunta de Centro en función das estratexias e prioridades deste. Estes criterios deben ter relación coa actividade docente desenvolvida no Centro e poden contemplar, ademais das actividades que dan orixe directo ás deducións, tarefas como coordinación de curso, módulo ou materia, coordinación vertical entre cursos, accións vinculadas ao plan de acción tutorial (PAT), accións de mellora da calidade, implantación de proxectos de innovación educativa, tarefas de difusión da oferta formativa do centro e captación de estudantes, etc. A Xunta de Centro deberá coñecer a distribución destas deducións entre o profesorado.

Para aqueles Centros que tiñan contrato-programa piloto no curso 2010/11 as distintas compoñentes da bolsa incorporaranse no contrato-programa, que quedará de feito prorrogado coas mesmas normas do ano anterior.

2. DEDUCIÓNS ASIGNADAS COMO APOIO ÁS ENSEÑANZAS DE POSGRAO:

Establécense as seguintes deducións en POD, dependendo do tipo de máster e tendo en conta que, tal como se menciona no punto 1 desta normativa, a suma das deducións correspondentes aos apartados 1 e 2 terán un máximo por persoa equivalente á metade da súa capacidade docente.

a) Período de formación de programas de doutoramento (máster de investigación):

Os programas de doutoramento da Universidade de Vigo están vinculados a un contrato-programa, con condicións de calidade e recoñecemento directo en POD. Asígnase unha bolsa de horas de reducións docentes á Comisión Académica do Máster (CAM) en base aos indicadores do curso precedente. A CAM propondrá e aprobará a distribución que considere adecuada, de acordo aos criterios que se teñan aprobados en función das estratexias e prioridades do máster.

A bolsa será de 800 horas para os programas que acadaron a mención de calidade propia da Universidade de Vigo no curso 2009/10, de 600 horas para os programas que acadaron o 80% da puntuación requirida para dita mención de calidade, de 400 horas para os que acadaron o 60% e de 300 horas para o resto dos programas. A Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións poderá establecer unha avaliación interna con criterios semellantes aos da última convocatoria da mención de calidade para aqueles másteres que non tivesen a oportunidade de solicitala en convocatorias anteriores.

Polo menos dúas terceiras partes das horas recoñecidas como redución en POD deberán constar como impartidas por profesorado da Universidade de Vigo na programación académica do máster no curso que produce a redución, seguindo os datos reflectidos na plataforma de xestión académica Xescampus.

No caso de programas interuniversitarios de máster que na Universidade de Vigo teñan menos matrícula que a mínima esixible para programas propios, aplicaranse un coeficiente de redución en función da matrícula acadada.

A bolsa de horas inclúe o recoñecemento pola coordinación do programa. Da redución que a CAM estableza por labores de coordinación, 45 horas poden ser engadidas ao máximo de redución que o coordinador/a pode acadar polos puntos 1 e 2.

Aínda que para o período de confección do POD 2011/12 non se dispón da regulación definitiva dos estudos de doutoramento nin dos resultados do novo programa de mención de calidade (excelencia) do Ministerio, na procura de certa flexibilidade, engádese a posibilidade de que a CAM dun máster de investigación acorde elixir unha combinación entre o incentivo da dedución en POD e o incentivo económico. Neste sentido, a CAM pode renunciar a 100 horas como máximo da súa bolsa de deducións en POD e aumentar a dotación económica do máster en 3.000 euros no exercicio económico do ano 2012, para pagar a profesorado externo. Se por algunha circunstancia o máster non se impartira no curso 2011/12, non se recibirá esa cantidade nin será posible recuperar as horas de dedución ás que se renunciou no momento da confección do POD. Por outra banda, se a CAM acorda combinar os incentivos económico e de POD, o profesorado da Universidade de Vigo non poderá recibir retribución económica ningunha pola súa docencia no máster.

b) Máster sen repercusión en POD (máster profesionalizante):

Como norma xeral, este tipo de máster únicamente poderá contar coa dedución en POD pola coordinación do mesmo (45 horas).

Excepcionalmente, para este tipo de máster defínese un procedemento que permite que a CAM elixa a combinación máis axeitada entre incentivo económico e incentivo en POD. O apoio está baseado en tramos de 600 ECTS matriculados, sendo o mínimo esixible 1.200 ECTS matriculados (equivalentes a 20 estudantes a tempo completo). Establécese unha equivalencia entre apoio económico e recoñecemento en POD, de xeito que cada máster poderá elixir o modelo a implantar:

- Polo primeiro módulo de 1.200 ECTS matriculados, o máster terá unha porcentaxe P de 300 horas de profesorado en POD e unha porcentaxe (100-P) de 20.000 euros de incentivo económico.

- Por cada módulo adicional de 600 ECTS incrementarase o anterior nunha porcentaxe P de 100 horas de profesorado en POD e unha porcentaxe (100-P) de 10.000 € de incentivo económico.

Cada mestrado poderá optar por unha porcentaxe P a elixir entre 100%, 75%, 50% e 25%. Se a CAM acorda combinar os incentivos económico e de POD, o profesorado da Universidade de Vigo non poderá recibir retribución económica ningunha pola súa docencia no máster.

3. DEDUCIÓNS ASIGNADAS COMO APOIO ÁS ACTIVIDADES DE I+D+i:

Establécense as seguintes deducións por actividades de I+D+i, cun máximo por profesor/a equivalente á metade da súa capacidade docente.

a) Apoio aos grupos de investigación de referencia e grupos que lideran proxectos europeos, Cenit e Consolider:

- Os grupos de referencia de programas competitivos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria terán unha dedución docente de 90 horas/ano.

- Os grupos de referencia de programas competitivos da Consellería de Economía e Industria terán unha redución docente 60 horas/ano.

- Os grupos que lideren proxectos europeos do programa Marco, Cenit ou Consolider asignados á Universidade de Vigo poderán aplicar unha redución durante o período de execución de 90 horas/ano por liderar o proxecto e de 60 horas/ano por liderar un subproxecto ou "Work Package".

b) Sexenios:

Asignarase a cada profesor/a 10 horas/ano de dedución por cada sexenio avaliado positivamente na convocatoria de 2009 ou en convocatorias anteriores.

c) I3:

Asígnanse 30 horas/ano durante tres anos para o profesorado para o que a Universidade acadou financiamento nos programas I3 ou Manuel Colmeiro para incorporación de profesorado con vinculación permanente nas convocatorias competitivas

resoltas no ano 2009 e anteriores. No POD do curso 2011/12 (e nos dous seguintes), asignaranse 11,25 horas de redución a cada profesor/a que obtivo avaliación positiva na convocatoria de 2010*.

d) Dirección de teses de doutoramento:

Asignaranse aos seu directores/as 30 horas/ano polo promedio de teses dirixidas e defendidas na Universidade de Vigo nos cursos 2007/08, 2008/09 e 2009/10, tendo en conta o número de directores/as, ata un máximo de 60 horas. Terán o mesmo tratamento as teses dirixidas nun convenio de cotutela asinado pola Universidade de Vigo. A incorporación do recoñecemento ás actividades de doutoramento no marco dos contratos programas de posgrao (apartado 2a desta normativa) fai prever a supresión progresiva desta redución.

4. DEDUCIÓNS ASIGNADAS POR CARGOS ACADÉMICOS OU ACTIVIDADES DE XESTIÓN:

Asígnanse as deducións en POD indicadas na táboa seguinte:

CARGOS ACADÉMICOS	Horas/ano
Reitor/a	240
Vicerreitores/as e Secretario/a Xeral Presidente/a do Tribunal de Garantías	180
Comisionados/as	150
Delegado/a do Reitor/a na CiUG	150
Directores/as de área	90
Responsable Oficina Software Libre Universidade de Vigo	90
Delegados/as da Universidade en Centros adscritos	60
Xestores/as de programas de investigación estatais ou autonómicos. Membros de Comisións de Acreditación ou de Verificación da ANECA.	60
Decanos/as / Directores/as de Centros (*)	120
Directores/as Departamento	60
Vicedecanos/as / Subdirectores/as / Secretarios/as de Centro	45
Secretarios/as e Subdirectores/as de Departamento Xefes/as de Sección Departamental	30
Director/a de Instituto Universitario. Representantes da Universidade en institucións	30
Representación Sindical	segundo convenios ou acordos
(*) O Decano/a ou Director/a de Centro pode transferir a outros membros do equipo directivo os créditos que considere oportuno mediante notificación á Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións no prazo que se estableza.	

* A partir da convocatoria 13 / Manuel Colmeiro do ano 2010, as 30 horas por profesor/a serán prorrateadas entre todo o profesorado que obtivo a avaliación positiva. Na convocatoria do 2010, a Universidade de Vigo obtivo financiamento equivalente a tres axudas e solicitou financiamento para oito persoas avaliadas positivamente.